

# BOLETÍN **APOEGAL**

**Boletín Dixital da Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia**

**Nº 10- DECEMBRO 2008**



**A Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia  
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover  
a Orientación Educativa**

**APOEGAL é membro de:**



# ÍNDICE DE CONTIDOS

ACTA ASEMBLEA 2008.....	3
REUNIÓN COA DIRECTORA XERAL.....	9
¡MESTRA, APRÉNDEME A MIRAR!.....	10
A TÚA OPINIÓ.....	13
CONGRESO NACIONAL CONVIVENCIA.....	16
CONTACTA CON NÓS.....	28
POST-DATAS.....	29



## ACTA DA 4ª ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ORIENTADORES DE GALICIA (A.P.O.E.G.A.L.)

A asemblea celebrouse o día 25 de outubro de de 2008 , ás 11.00 horas, en segunda convocatoria, en Santiago de Compostela, na Galería Sargadelos, ( Rúa Nova nº 16, ) coa seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

- Pto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da última asemblea
- Pto 2.** Informe da Dirección
- Pto 3.** Altas e baixas de socios. (Informe da Secretaría)
- Pto 4.** Estado de contas. ( Informe da Tesourería)
- Pto 5.** Informe das distintas vocalías
- Pto 6.** Punto 3º das instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Orientación Educativa do 21 de xullo de 2008 polas que se clarifican determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria, dos colexios de educación infantil e primaria e dos centros públicos integrados
- Pto 7.** Rogos e Preguntas

### **Pto 1. Lectura e aprobación da acta da última asemblea.**

Apróbase por unanimidade.

### **Pto 2. Informe da Dirección.**

Toma a palabra Daniel Veiga Martínez.

O día 26 de novembro de 2004 constitúese formalmente a Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL). Un paso de enorme relevancia para a historia da orientación educativa de Galicia .

O traballo xeneroso dos compañeiros e compañeiras da Xunta Directiva fixo posible comezar a facer historia da Orientación Educativa en Galicia podendo

contar cunha Asociación Profesional de Orientación ,que , entre outras moitas tarefas, foi quen de organizar o 1º Encontro de Orientadores de Galicia.

O día 5 de maio de 2007 (data da última assemblea celebrada) renovouse unha parte da Xunta Directiva de Apoegal que quedou constituída polos seguintes membros:

Sonia Ferro Cid (Vocal de Comunicación)

Juan Luís Rodríguez (Vocal de Formación)

Luís Alberto Varela Pérez (Tesoureiro)

Gema Castro Pico (Secretaria)

Ana Torres Jack (Vicepresidenta)

Daniel Veiga Martínez (Presidente)

O anterior presidente de APOEGAL (José Luís Diéguez) sinalaba na súa intervención da última asemblea o carácter altruista do traballo dos compañeiros e compañeiras da Xunta Directiva e anotaba a entrega e adicación que foi necesaria para desenvolver os proxectos que se realizaron (especialmente o Encontro de Orientadores de Ourense).

Hoxe, nesta Asemblea do día 25 de outubro de 2008 eu quero sinalar, en primeiro lugar e de maneira especial, o compromiso, a entrega e o traballo altruista das persoas que compoñemos a actual Xunta Directiva –seis orientadores (3 orientadoras e 3 orientadores) . Somos un equipo de persoas que pretende a mellora da orientación educativa en Galicia. Somos compañeiros/as que realizamos un traballo a maiores e que precisamos da colaboración activa do conxunto dos asociados/as.

Nunha aportación no Boletín de APOEGAL (Nº 7 e páx. 5) dicía que **entre todos/as facemos APOEGAL** polo que se facía un chamamento á participación activa dos asociados/as. Concretamente anotaba que se precisaba colaboración para as Comisións de Novas Tecnoloxías, Asesora e de Recursos –non temos a ninguén-. A resposta diante do chamamento non resultou e, ata o de agora, seguimos na mesma situación que daquela.

Durante o tempo que levamos traballando, podemos enumerar, entre outras, algunhas actividades que de desenvolveron. Os/as compañeiros/as das distintas vocalías falarán con máis detalle-:

1.- Realización de trámites burocráticos (sobre todo, bancarios) co noso tesoureiro e reunión con José Luís (antigo presidente de APOEGAL) en Ourense (traspaso de materiais).

2- Revisión das Actas do I Encontro de Orientación Educativa (traballo inxente e de varios meses) previa á súa publicación por parte da Deputación de Ourense.

3.- Reunión coa Directora Xeral de Innovación Educativa para presentar as nosas demandas e posibilitar unha relación de mútua colaboración (marzo 2008) (Posterior envío de carta -maio 2008- para reiterar a nosa colaboración e a puntual información das novidades sobre temas legais xerais e relacionados coa orientación).

4.- Mellora e actualización da páxina web de Apoegal e continuidade do Blog de Apoegal. (Unha tarefa moi importante e para a que se precisa de maior colaboración).

5.- Asistencia ao IV Encontro de Orientadores de Burgos (abril de 2008) e as reunións da COPOE.

6.- Os Boletíns de Apoegal como plataforma de comunicación e de publicidade institucional da Asociación.

7.- Participación nalgúns medios de comunicación (Nos suplementos de La Voz de Galicia -La Voz de Escuela- e en Faro de Vigo. Unha intervención en Radio Voz).

Ademáis seguimos sin contar con espazo físico e traballamos nas distintas reunións que mantemos periódicamente en Lalín ou Santiago.

Estamos facendo un esforzo adicional pero tamén necesitamos apoio e colaboración por parte dos asociados.

Temos casi todos os mesmos intereses e non podemos deixar que os puntos de non coincidencia nos separen.

### **Pto 3. Altas e baixas de socios.** (Informe da Secretaría).

Toma a palabra Gema Castro Pico para informar que a día de hoxe , e sen verificar as baixas de socios que non teñen domiciliado o pago da cuota anual, somos 127 socios, durante este ano produxéronse 3 baixas.

### **Pto 4. Estado de contas.** ( Informe da Tesourería).

Toma a palabra Luís Alberto Varela Pérez.

Estado actual: mantemos duas contas en dúas entidades bancarias, Caixa Nova na que actualmente hai 6742,92€ e Caixa Galicia na que hai 2244.2€, este último é remanente do I Encontro ; en total son 9227,15€ nos que está incluído o cargo correspondente ao ano 2008 dos socios que o teñen domiciliado.

Resumo dos gastos.

Os gastos cotiáns da asociación son:

Comunicación ( teléfono, correo).

Cuota de COPOE (100 €).

Desprazamentos para as reunións da xunta directiva.

Mantemento de páxina web: 464€.

Comenta que o retraso no cargo da cuota deste ano foi por mor do cambio da Xunta Directiva acarreo unha serie de licenzas e permisos de xestión das contas, tamén polo cambio, por parte da entidade bancaria do programa de xestión, houbo que volver a introducir todos os datos dos asociados.

### **Pto 5. Informe das distintas vocalias**

Toma a palabra Dona Ana Torres Jack Vicepresidenta de APOEGAL e vocal de comunicación de COPOE. Comenta a actualidade e as actuacións dende APOEGAL: Agora somos 22 asociacións, as últimas incorporacións foron as de NORA (Navarra) APOCOVA (Valencia) e ASOC (Málaga y Huelva).

O 4º Encuentro Nacional en Burgos foi un gran éxito, APOEGAL participou tanto na organización como na difusión do encontro, o que non houbo foi tanta representación de orientadores galegos como en anos anteriores. En total asistiron uns 500 orientadores de toda España.

Este ano decidiuse que o encontro sexa bianual e que se faga para o ano 2009 o II Encontro Virtual organizado pola UOC ( Universitat Oberta de Catalunya)

O V Encuentro Nacional se celebrará en Sevilla no ano 2010 organizado por FAPOAN.

Outras actuacións:

Presencia de COPOE na revista REOP ( Revista Española de Orientación y Psicopedagogía)

También participamos en Educaweb.

Cuadernos de Pedagogía en abril publicará un monográfico sobre orientación no que podemos participar.

Permanente contacto con orientadores de toda España a través do presidente de COPOE. Enviannos moito material e se encarga Sonia de reenvialo aos socios.

Fai unha valoración moi positiva da nosa participación en COPOE.

Toma a palabra Dona Sonia Ferro Cid (Vocal de Comunicación).

Comenta que o total de correos reenviados dende o cambio da Xunta Directiva (5 de maio de 2007) son 776, dos cales a COPOE é unha fonte moi importante de información recibida.

Hai outras fontes como o Seminario de Educación para a Paz, MEC, Universidades, Dirección Xeral de Educación e preguntas de información e intercambios de opinión os asociados. É un traballo moi grato e que ten moitas respostas.

Tamén envíanse correos aos medios de comunicación.

Neste momento temos problemas cos correos de 8 socios que non reciben a información porque chegan de volta.

En canto aos Boletíns de APOEGAL a idea é que todos os socios colaboren pero a verdade é que non hai moita colaboración de momento. Publícanse dous ao ano.

Solicita a colaboración dos asociados.

Toma a palabra Don Juan Luís Rodríguez (Vocal de Formación) quere comentar tres aspectos:

O primeiro é que houbo moitas dificultades para publicar o libro de actas do I Encontro Galego polo formato das Actas e por problemas coa Deputación de Ourense que as perdeu tres veces, por fin sí foron publicadas este ano e se repartiran ao final da asemblea.

Este curso queren facer un curso para orientadores de primaria sobre calidade na orientación co material dunha orientadora que facilita a xestión psicopedagóxica.

Comenta a posibilidade dun segundo encontro pero para isto se necesita moita colaboración, a idea é que os encontros sexan trianuais.

Neste momento non hai ninguén anotado na vocalía de formación que sería a que levaría o peso da organización do encontro.

**Pto 6. Punto 3º das instruccións da Dirección Xeral de Ordenación e Orientación Educativa do 21 de xullo de 2008 polas que se clarifican determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria, dos colexios de educación infantil e primaria e dos centros públicos integrados.**

Toma a palabra Don Daniel Veiga.

Hai un colectivo de Orientadores de primaria que queren que a Consellería dé marcha atrás ás instruccións de Dirección Xeral sobre as gardas nos CEIPs

Entendemos que non hai base legal e estamos de acordo con que os orientadores fagamos garda, como de feito estamos a facer moitos de nós.

Como asociación temos que contemplar as distintas opcións xa que hai moitos orientadores que facemos gardas e incluso imparten docencia.

Interveñen Antonio Estevez e Asunción Fernández para comentar que en primaria as gardas implican docencia e que os orientadores de primaria non teñen docencia, polo tanto no teñen que ter gardas.

Luis Varela explica que redactou parte da resposta baseándose na normativa onde se recollen os regulamentos orgánicos de centros, que di que todos os profesores teñen que facer gardas. Mentres que na normativa de orientación non aparece nada sobre a función das gardas. Ademáis unha das cousas que debatimos na reunión da Xunta Directiva é que nos parecía redundante e pouco apropiado que recolleran por escrito algo que xa se viña facendo por parte de moitos orientadores e orientadoras.

Asunción Fernández cree que no teñen porque facer gardas e que non lle poderían obrigar a facelas

Elvira Anaya protesta porque no escrito da Xunta Directiva non se fixo referencia a que eran socios de APOEGAL, cree que o que non se pode é poñerse en contra dos asociados, cree que é unha falta de respecto.

Daniel Veiga opina que non se pode sacar das súas palabras que teña falta de respecto. E parécelle inxusto dicir que facemos cousas en contra dos asociados, ademáis aclara que sí se comentou que formaban parte de APOEGAL.

Tamén comenta que el non está neste posto por saber de leis e , como todos, pode interpretar mal a lexislación. Derivado da lexislación non temos claro que as gardas teñan carácter docente.

María José Piñeiro comenta que o que se respira na zona de Lugo e que esta é unha asociación de secundaria. Cre que mentras haxa esta dualidade entre primaria e secundaria non vamos a ningún sitio, comenta que estamos falando de gardas e non sabemos a que nos estamos referindo. As gardas de tarde (sen

alumnos) todos están de acordo que hai que facelas. Os orientadores de primaria teñen horario completo a tarefas de orientación segundo a orde do concurso de orientación polo que non teñen que facer gardas.

Rosa Graña pasa a ler un recurso de alzada ao Delegado provincial de Pontevedra. Primeiro presentou un recurso á dirección do seu centro e en resposta á resposta da directora presentou o recurso.

Ana Torres cre que Rosa Graña fixo ben en por o tema en mans de sindicatos e abogados, xa que son eles os que teñen que decidir a legalidade ou non da medida. Que os socios de APOEGAL deben traballar conxuntamente nos puntos de unión (que son a maioría) e non nos de desunión ou discrepancia.

O único que se pide é trasladar a inquedaanza do colectivo de socios de primaria. Daniel comenta que a asociación quere representar a todos pero hai que entender que hai distintas posturas.

Van a pedir unha reunión coa Consellería para expor as súas inquedaanzas xa que cren que teñen base legal.

Daniel Veiga comprométese a solicitar a reunión cun único punto do día e cree convinte que algún dos socios de primaria asista a esa reunión.

Levantase a sesión cando son as 13 horas do 25 de outubro de 2007.

Asdo: Gema Isabel Castro Pico  
Secretaria de APOEGAL





# REUNIÓN COA DIRECTORA XERAL

O día 21 de novembro (venres) ás 9.30 da mañá estivemos (Rosa Graña e máis eu) mantendo unha curta entrevista cordial coa Directora Xeral (Marisé).

O primeiro que nos comentou -unha vez exposta a nosa intención de diálogo e de colaboración (que vimos mantendo) sobre o tema das gardas- foi que se trataba dun tema de Persoal (competencia do Sr. Canosa) pero sinalou que as gardas son funcións de todo/as os profesores/as.

Nun segundo momento Rosa Graña falou dos argumentos do escrito que nos comentou na Asemblea. A Directora Xeral dixo que entendía a nosa proposta, pero que as Instrucións estaban aí e non se ían a modificar.

Falamos de varios temas relacionados (o incremento do número de orientadores/as en Primaria e sobre a calidade da orientación en Primaria).

En definitiva, o orientador/a é un profesor do centro máis e, polo tanto, ten que facer gardas. No fundamental do tema a tratar, as conclusións son as que se anotaron.

Mantivo un tono cordial e dixo estar aberta a recibir por correo electrónico todas a ideas, propostas e suxerencias dos orientadores/as de Apoegal.

Daniel Veiga  
Presidente de APOEGAL.

# ¡MESTRA, APRÉNDEME A MIRAR!

Parece unha moda, unha constante, unha estratexia de marketing perfectamente deseñada. Trátase de cargar contra da xuventude en xeral, en ocasións mesmo demonizando, cando non criminalizando, os seus comportamentos e condutas, unha triste reacción do chamado “mundo viejuno” respecto das novas xeracións, un deporte de fonda tradición e moi popular. Xa Sócrates (470-399 a.d.C.) acusaba ós mozos da súa época de ser uns tiranos, de contradicir ós seus pais, de devorala comida e de faltar ó respecto dos seus mestres...

Con ocasión ou sen ela, editoriais prestixiosas, sisudos analistas, tertulianos de pro, psicólogos clínicos preocupados pola súa carteira de clientes..., realizan informes e estudos periódicos que chegan ós medios con titulares de trazo grosso, entradiñas alarmantes, fáciles de dixerir, sen necesidade de profundar na letra miúda, que sementan alarma, sorpresa e crean opinión.

Estámonos a referir a ideas como: “O alumnado de agora é peor que o de antes”, “a escola actual esquece o esforzo”, “os mestres non teñen autoridade”, “nos institutos non hai disciplina”, “os mozos de hoxe son máis violentos”, “os niveis de esixencia baixaron”... e así sucesiva e reiteradamente.

Estas mensaxes, en ocasións no medio doutros discursos, non podemos interpretalas, unicamente, como o reflexo dun conflito interxeracional, aínda que teña moito disto. Cando repetimos que os alumnos de hoxe son peores que os de antes, ¿que pretendemos?. ¿Responsabilizalos da súa suposta vagancia, do seu desapego da cultura do esforzo, culpabilizalos?. ¿A eles, ás súas familias, ás autoridades educativas, ós gobernos, á sociedade... é dicir, a todos e a ninguén a un tempo?

En moitas ocasións notamos un certo ricto de superioridade paternalista en relación coas xeracións que están chamadas a substituírnos, por lei natural, algo así como unha patética e inútil vinganza pola xuventude perdida e estrañada...

Pero quizais o primeiro que habería que clarificar é o que entendemos, o que interpreta cada quen por “antes”, esa muletiña, ese tan descontextualizado adverbio de tempo. ¿Antes de que?, ¿antes de cando?, ¿de canto antes estamos a falar? Hai 20, 30, 50, 100 anos?, ¿mil tal vez?.

Si identificamos “antes” cos tempos da nosa propia mocidade está ben claro que estamos a dicir, sen rubor, que nós mesmos, fomos, e somos mellores. Toma xa. Como inxección de autoestima non está nada mal. Ou o que é o mesmo: os nosos fillos, os nosos netos, son peores!!!. Para quedarnos, así, tan anchos...

Pero, ¿peores en que?. ¿En coñecementos, en actitudes, en valores?. Como si os contidos das aprendizaxes fosen inmutables. Sinto ser tan simple, pero os alumnos e alumnas de hoxe nin son peores nin son mellores, **son diferentes**. Son o produto da

sociedade na que viven, son tamén o resultado da nosa propia actuación como adultos, esa é a nosa responsabilidade. Porque a escola é un espello perfecto onde, moitas veces, non aceptamos vernos reflexados.

Os rapaces e rapazas que hoxe estudan nos colexios e institutos o fan no mellor sistema educativo da nosa historia, o que conta coas mellores condicións escolares. E viven nunha sociedade con niveis de renda, coberturas, acceso á cultura, ocio e tempo libre, como nunca houbo, en espazos de liberdade, democracia, seguridade e diversidade, innegables. E teñen acceso á escolaridade todas e todos os alumnos e alumnas. Non como “antes”... cando estudaba (cando estudabamos) unha minoría, unha elite, moito máis reducida canto máis retrocedemos no tempo...

E o profesorado está, á súa vez, mellor preparado que nunca. E as familias senten con maior preocupación o ensino dos seus fillos e fillas, viven con máis interese a educación, a cultura e o saber. As súas condicións laborais, de ocio e de lecer, a penas teñen nada que ver coas de “antes”.

Claro que os nenos e nenas de hoxe teñen problemas, como os de tódalas épocas, **distintos**, sen dúbida, pero tamén é certo que contan coas mellores condicións para superalos, como nunca “antes” tiveran.

**E con isto non quero dicir que o noso sistema educativo, os novos modelos de familia, laborais, a sociedade, a cultura, a sanidade... non sexan manifestamente mellorables. Claro que o son, porque outra educación é posible, como outro mundo tamén é necesario.**

Pero descualificar á xuventude, demonizala, resaltar sempre o negativo ignorando ou silenciando os seus valores, ¿para que serve?, ¿a que intereses responde?. ¿De que nos tranquiliza ?.

Somos precisamente os adultos os que deberíamos reflexionar máis sobre as nosas responsabilidades na incitación permanente ó consumo máis irracional dos menores, na superprotección extrema, meu santiño onde che poñerei, na promoción desmedida da cultura do éxito (famosos, estrelas, heroes...), da competitividade máxima por riba dos valores, no tratamento dos cativos como terminais de consumo, armarios cheos e corazóns baldeiros, no egoísmo e no individualismo exacerbado, pequenos budas, ou na presión constante por facelos individuos “súper”, evitándolles a máis mínima contariedade... e o non tamén educa...

Un bo mestre, unha boa mestra, necesitan influír positivamente no seu alumnado, porque como temos repetido tantas veces, os alumnos aprenden, sobre todo, dos profesores que aman. Debemos resaltar os seus avances, tratalos con afecto e cariño, a educación afectivo emocional -tan esquecida- o mellor antídoto contra da violencia. Mellorar a súa autoestima, corrixir as súas carencias, esperanzalos, suxerirlle metas acadables, en definitiva, acompañalos, como o guía do desfiladeiro...sen esquecer o non, a coherencia, as normas e os límites, por suposto.

Chegados a este punto lembro aquela fermosa historia que me contou Federico Mayor Zaragoza, a da nena que nunca vira o mar. O día en que -por fin- coa súa mestra veuse -cara a cara- coa inmensidade do mar, fascinada, perplexa, nerviosa, tirándolle da saia, exclamou: ¡ mestra, apréndeme a mirar !.

Somos os adultos os que temos que reflexionar sobre as nosas responsabilidades, e preguntarnos, escoitando á propia conciencia, si realmente estamos “ensinando a mirar” como debemos. Porque neste, como en tantas outras cousas, por sorte, calquera tempo pasado, non foi mellor...

**Manuel Dios Diz** é mestre, licenciado en Xeografía e Historia pola USC, preside o *Seminario Galego de Educación para a Paz*. ([www.sgep.org](http://www.sgep.org)).

# A TÚA OPINIÓN

**De novo se lanzou unha invitación á opinar e a participar o pasado 24 de novembro:**

*Bó día a [tod@s!](#)*

*Lendo o último correo enviado pola COPOE sobre as alegacións ó decreto de especialidades, é curioso como sendo [tod@s orientador@s](#) e adicándonos ó mesmo polo menos en teoría, as demandas profesionais non son tan semellantes.*

*Como asociación é necesario que sexamos capaces de expor as nosas opinións sen que por iso se entenda que imos en contra dos intereses de ninguén. A lexislación galega nese senso é clara e este sondeo non pretende cambiar iso.*

*Pero o tema está ahí e moitas veces entre nós [mesm@s](#) descoñecemos o que pensamos e os argumentos de cada un/ha. Por iso, sen ánimo de entrar en ningunha polémica e tamén para encher de contido a sección de opinión do próximo Boletín de decembro, grazas ás aportacións de [tod@s](#), gustaríanos recibir a túa opinión sobre:*

**O feito de que nalgunhas comunidades [@s orientador@s](#) impartan docencia.**

*Moitas grazas e un saúdo.*

*Sonia Ferro*

*Vocal Comunicación APOEGAL*



**E estas son as aportacións chegadas:**

*Creo que o orientador/a debe estar en contacto coa realidade das titorías a través de distintas actividades propias do seu posto pero non impartir docencia porque ten de sobras que facer dentro do súa misión.*

M.<sup>a</sup> Jesús Salas Linares. Orientadora CEIP ANEXA Lugo.

# A TÚA OPINIÓN

*Eu persoalmente estou dacordo con que os orientadores teñamos docencia. De todos xeitos isto debe ter certas condicións. Ai van os meus argumentos:*

*A primeira é unha razón moi persoal: gústame iso de ser docente . Despois hai outras máis profesionais, penso que dar clase sitúanos nunha posición máis igualitaria e penso que facilitará a comunicación, tamén axudaranos a entender mellor o punto de vista do profesorado e sobre todo a coñecer mellor ao alumnado e como funciona en grupo, as veces non vale ir un día de observador ou observadora. Tamén creo que hai certas cousas que as facemos mellor nós; se vai haber unha optativa que se denomina Psicología, como xa a hai noutras comunidades supoño que somos nós os máis preparados para impartila, por outra banda reflexiono sobre a hora semanal de titoría na ESO e penso no tremendo fracaso que é, son pesimista si, hai boa vontade e algúns titores que se preocupan de facelo ben e que o fan , pero tamén penso que non é o máis habitual . Debería mellorar a súa formación, pero tamén nós podemos colaborar máis, sobre todo ao tratar algúns temas que para nós están máis traballados e forman parte da nosa formación como profesionais.*

*Supoño, ESO SI!, que isto non pode ser posible coas ratios orientador/a alumnado que hai na actualidade, non é que o supoñ, é que é así.*

*En fin UTOPIÁS variadas para seguir traballando cada día sen perder a ilusión. As veces é difícil. Un saúdo para [tod@s](#).*

María Solleiro .

*A miña opinión con respecto a que @s [orientador@s](#) impartan docencia é a seguinte:*

*Paréceme ben. Así como o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, deberíamos ser nós os que o fixéramos, pois que se fagan as actividades que nel se programan realmente depende da vontade do titor, se o fai xenial e se non o fai non pasa nada, a realidade é que carece de formación necesaria para desenvolver certos programas : de habilidades sociais, de autoestima, de educación sexual, de prevención en drogodependencias... , claro que con todo o traballo que temos se por arriba tivéramos que impartir docencia, entón sería unha locura maior, polo tanto eu penso que habería que replantearse o obxectivo da orientación educativa e as funcións do orientador e unha vez que tivéramos esto claro pedir máis orientadores nos centros.*

*Un saúdo .*

Ana María Ulloa Lage.

*En relación coa cuestión sobre a docencia dos orientadores/as a miña opinión é que non debería pecharse a posibilidade de que o orientador/a poda impartir docencia, sempre de maneira voluntaria. Un saúdo:*

Daniel Veiga

# A TÚA OPINIÓN

*Respecto a la posibilidad de que los orientadores demos clase, pienso que el número de funciones que nos asigna la Administración es ya de por sí lo bastante amplio (e inabarcable) como para que aún encima asumamos la docencia. Pero si realmente pudiéramos renunciar a algunas de las responsabilidades que llevamos sobre nuestras espaldas, yo estaría de acuerdo en impartir alguna optativa de forma voluntaria (Psicología, Transición a la Vida Activa...) como hacen en muchas Comunidades.*

Ana Torres Jack.

*Penso que debería haber máis orientador@s nos centros e a partires diso o feito de dar docencia non debería de estar rifado con adicarse á orientación. Co que non estou dacordo é coa idea de dar clase porque “só” orientar non sexa profesionalmente valorado.*

Sonia Ferro.

*Asumir máis tarefas e funcións, neste caso a posibilidade de docencia, iría en detrimento do noso traballo; pero deixando este aspecto á marxe, paréceme positiva a idea de impartir docencia nalgunha materia relacionada coa nosa especialidade e mesmo asumir o traballo directo co alumnado no espazo das titorías presenciais, para traballar determinado tipo de contidos do plan de acción titorial para os que os titores, normalmente, non están tan preparados. Supoño que isto último é algo que xa vimos facendo para tratar, por exemplo, o tema da orientación académica e profesional nas diferentes etapas educativas. Esta situación mellora a percepción do noso traballo no centro, proporciónanos coñecementos de primeira man sobre o grupo de alumnos e, na situación actual, creo que contribúe a mellorar a calidade das intervencións relacionadas coa orientación educativa. Un saúdo!*

Luis Alberto Varela.

**Moitas grazas a tod@s pola vosa colaboración.**



## **PRIMEIRO CONGRESO NACIONAL SOBRE CONVIVENCIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS EN CONTEXTOS SOCIOEDUCATIVOS**

**Universidade de Málaga, Facultade de Ciencias da Educación**

**27-29 Novembro 2008**

### **MEDIO MILLAR DE EXPERTOS EN CONVIVENCIA DEBATIRON EN MÁLAGA AS SITUACIÓNS CONFLICTIVAS ACTUAIS**

**Ana Torres Jack**

**Expertos de toda España reuníronse durante os días 27, 28 e 29 de novembro en Málaga para debater sobre as situacións conflictivas dos centros educativos. O I Congreso Nacional sobre Convivencia e Resolución de Conflictos en Contextos Socioeducativos reuniu a máis de 350 profesionais nesta materia.**

Na actualidade, os centros educativos viven situacións de grande complexidade como o maltrato entre iguais, tamén coñecido como *bullying*. O Congreso nacional pretendeu servir de punto de encontro dos profesionais da educación e orientación así como ofrecer pautas de actuacións e programas de intervención dirixidos a fomentar a convivencia, a solidariedade e a tolerancia nos distintos contextos socioeducativos.

María Teresa Castilla, coordinadora xeral do congreso, explicou o primeiro día o obxectivo do encontro: "A idea principal do congreso é a de propiciar a participación e o debate entre todos os asistentes, por iso todas as conferencias xiran en torno ás situacións conflictivas actuais". De feito, durante os tres días que durou o encontro, os expertos tiveron oportunidade de establecer contacto e incluso de construír grupos de investigación dirixidos a facilitar modelos de convivencia en función dos novos problemas xurdidos nos contextos socioeducativos.

Este foi o programa do evento:

#### **Jueves 27 de Noviembre de 2008**

**16:00h a 16:30 h. Acto inaugural**

*Participantes:*

- Excmá. **Sra. Dña. Pilar Pin**. Vocal Asesora de la Secretaría Técnica de Estado de Educación y Formación del Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- Excmá. **Sra. Dña. María Gámez**. Delegada de Gobernación de la Junta de Andalucía.



- Ilma. **Sra. Dña. Emilia M<sup>a</sup> Fernández**. Asesora Técnica de la Agencia de Innovación y Desarrollo de Andalucía. Conserjería de Innovación, Ciencia y Empresa.
- Ilma. **Sra. Dña. Gema del Corral**. Directora General del Área de Igualdad de Oportunidades de la Mujer del Ayuntamiento de Málaga.
- Excmo. **Sr. D. José Nárvaez**. Vicerrector de Investigación de la Universidad de Málaga.
- Ilmo. **Sr. D. José Francisco Murillo**. Decano de la Facultad de Ciencias de la Educación de la Universidad de Málaga.
- **Dña. M<sup>a</sup> Teresa Castilla**. Coordinadora General del Congreso.
- **Sra. Dña. Eva Moreno**. Consejera Técnica de Convivencia Escolar y Secretaría del Observatorio para la Convivencia Escolar en Andalucía.

#### 16:30h a 17:30h. Foro Inaugural

*Presentación introductoria:* Consejería de Educación de la Junta de Andalucía: Dirección General de Participación y Equidad en Educación; **Dña. Carmen Díaz**, *Miembro de Educadores por la Paz, Orientadora del IES Lucus Augusti, Profesora Titular de la UNED;* y **D. Miguel Ángel Santos Guerra**, *Catedrático de Didáctica y Organización Escolar de la Facultad de Ciencias de la Educación de la Universidad de Málaga.*

*Participantes:* Ilma. Sra. **Dña. Pilar Pin**, *Vocal Asesora de la Secretaria del Estado del Ministerio de Educación, Política Social y Deporte;* y **Dña. Isabel Fernández**, *Consejera Técnica Coordinadora del Observatorio*                      *Estatal*                      *para*                      *la*                      *Convivencia.*



*A primeira conferencia presentouna o catedrático Miguel Ángel Santos*

**18:00h a 19:30h. Mesas redondas (simultáneas 1 y 2)**

**1. Planes y Programas de Convivencia. Una panorámica institucional desde las Comunidades Autónomas**

Moderador/a: **Dña. Soledad Aracama**. Gabinete de Cultura de Paz de la Delegación de Educación de Málaga.

- a. **D. J. Antonio Binaburo**. Coordinador de la Red Andaluza "Escuelas Espacios de Paz". Consejería de Educación de la Junta de Andalucía.
- b. **D. Pedro Uruñuela**. Subdirector General de Alta Inspección del MEC.
- c. **Dña. Concepción Laez Álvarez**. Jefa del Servicio de Atención al Alumnado con necesidad específica de apoyo educativo, orientación y convivencia. Dirección General de Planificación, Ordenación e Inspección Educativa de la Conserjería de Educación de Castilla-León.
- d. **D. Pere Led**. Impulsor del Programa de Convivencia y Mediación Escolar del Departamento de Educación de la Generalitat de Catalunya.
- e. **D. Juan Miguel Molina**. Coordinador para la Convivencia Escolar en la Región de Murcia y Vicepresidente del Pleno del Observatorio para la Convivencia.

**2. Gestión y articulación en los centros educativos de los Planes de Convivencia.**

Moderador/a: **Ana Belén Lucena Bernal**. Maestra y psicopedagoga. CEIP Huertas Viejas de Coín (Málaga)

